

O NÚMERO

1) Os nomes rematados en vogal (átona, tónica ou ditongo) ou -N fan o plural engadindo -S. Exemplos:

Leira - _____ Alelí - _____ Rei - _____ Curmán - _____
Mitín - _____ Avó - _____ Lei - _____ Dolmen - _____

2) Os nomes rematados en -L forman o plural de forma diferente segundo os casos:

a) Engaden -ES:

- **Os monosílabos.** Exemplos: cal-_____sol-_____mel-_____pel-_____
- **Os graves e esdrúxulos.** Exemplos: fácil-_____téxtil-_____túnel-_____
_____mísil-_____

b) Cambian o -L por -IS:

- **Os seguintes monosílabos:** cruel-_____fiel-_____truel-_____.
- **Os agudos de máis dunha sílaba.** Exemplos: baúl _____ azul-_____
_____funil-_____papel-_____aval-_____español-_____

3) Os nomes rematados en -S forman o plural de distintas formas, segundo os casos:

a) Engaden -ES os nomes agudos de máis dunha sílaba.

Exemplos: cortés-_____portugués-_____francés-_____

b) Son invariables, é dicir, comparten a mesma forma para o

singular e o plural: o resto das palabras rematadas en -S (monosílabos e

polisílabos non agudos). Exemplos: o luns- os _____ o mércores- os

_____o lapis- os_____.

4) Os nomes rematados en -R ou -Z fan o plural engadindo -ES.

Exemplos: maior-_____rapaz-_____nariz-_____calor-_____

5) Os estranxeirismos e os cultismos forman o plural engadindo

-S. Exemplos: album-_____anorak-_____complot-_____frac-_____

test-_____iceberg-_____sándwich-_____lord-_____

6) O plural dos substantivos compostos pode facerse de dúas

maneiras:

a) Compostos nunha soa palabra: seguen a norma dos substantivos simples.

Exemplos: sapoconcho_____parabén_____bailanacriba_____

* **Excepcións:** as palabras compostas sobre un monosílabo rematado en -L como segundo elemento fan o plural engadindo –ES. (e non en –IS): Exemplos: ollomol- _____ parasol-_____ chuchamel- _____

* **Caracol e aerosol** non son palabras compostas, daquela o seu plural será: _____

b) Compostos en dúas (ou máis) palabras:

- Substantivo + substantivo: plural no primeiro elemento: casa cuartel _____
- Substantivo + adxectivo: plural nos dous elementos: garda civil _____
- Substantivo + preposición + substantivo: plural no primeiro elemento: porco de ceba _____.